

**PLAN
DE
CONVIVENCIA**

IES ÁNXEL FOLE

Plan de Convivencia

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais.

Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todos os membros da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.



A primeira persoa responsable de mellorar a convivencia son eu

| Eu e o profesorado | Eu e o alumnado |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ✚ Respetar e obedecer ao profesorado dentro e fóra da aula nas súas explicacións, indicacións ou amoestacións. ✚ Esperar ao profesorado dentro da aula. ✚ Participar axeitadamente no proceso de ensino, colaborando nas tarefas e actividades. ✚ Traer todos os días o material necesario para traballar en clase. | <ul style="list-style-type: none"> ✚ Manter unha actitude positiva cara aos meus compañeiros e as miñas compañeiras. ✚ Respetar o turno de palabra. ✚ Saber escoitar aos demais. ✚ Colaborar na creación dun ambiente de aprendizaxe na aula que nos beneficie a todos. ✚ Coidar e respectar o material común. |
| Eu na aula | Eu fóra da aula |
| <ul style="list-style-type: none"> ✚ Manter a aula e o seu mobiliario en bo estado. ✚ Coidar da limpeza da aula, non tirando papeis nin outros obxectos ao chan. ✚ Amosar unha boa actitude, no saber estar sentado e non comer nin beber en clase. ✚ Evitar levantarse e pasear pola aula sen permiso. | <ul style="list-style-type: none"> ✚ Procurar que os cambios de aula se realicen respectando aos demais e o traballo que se leva a cabo nas outras aulas. ✚ Non permanecer nos corredores. ✚ Ser puntual á entrada das clases, evitando os retrasos e faltas inxustificadas. ✚ Manter os corredores e o patio limpos. |




Elaborar o Plan de Convivencia

Enquisas

GRÁFICAS ENQUIZA ALUMNOS

5. Consideras que as posibles solucións aos problemas de convivencia serían:



Portada do Plan de Convivencia do IES Ánxel Fole

PLAN DE CONVIVENCIA



IES ÁNXEL FOLE

Lugo

| Medidas | Actuacións | Recursos | Temporalización |
|---------------------------------------|--|---|---|
| Aula auxiliar | Diseñar e implementar unha aula auxiliar | Documento e plantillas para o uso da aula auxiliar | Trimestral con información en claustros e consellos |
| Plan de mediación escolar | Fase inicial: sensibilización, selección e formación do alumnado | Alumnado e documento e plantillas do plan de mediación escolar | Derradeiro trimestre do curso anterior e primeiro do seguinte |
| | Diseñar e implementar un plan de mediación escolar | | Trimestral con información en claustros e consellos |
| Estado da aula | Ao comenzo e ao remate do curso cumpríméntase un documento redactado por alumnado e profesorado no que se reflicte o estado da aula. | Parte de estado da aula. Premio a aula mellor conservada e mais limpa, por cada un dos niveis. | Por curso escolar |
| Parte de extravío de material escolar | Diseñar e pór en marcha un parte de extravío de material escolar, con seguimento da situación e resolución do mesmo | Documento de extravío de material e táboa de control de datos xerais do centro | Trimestral con información en claustros e consellos |

PLAN DE CONVIVENCIA

IES ÁNCEL FOLE

**Lecer
Inclusivo**

Lecer Inclusivo



Tempo de lecer no IES Anxel Fole

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--|--|--|---|--|
|  <p>O CURRUNCHO DO MAXÍN (En fronte de conserxería)</p> <p><i>Profesoras de xogo:</i> Lines, Paula e Chus.</p>  |  <p>OBRADOIRO DE DEBUXO (Na aula de plástica)</p> <p><i>Profesoras de xogo:</i> Belén, Sol e Yolanda</p> |  <p>XADREZ (Para 1º e 2º de ESO) (En fronte de conserxería)</p> <p><i>Profesoras de xogo:</i> Mar e Bea</p>  <p>OBRADOIRO DE TEATRO E SOÑOS (No salón de actos)</p> <p><i>Profesores de xogo:</i> Juanjo e Chus</p> |  <p>XADREZ (Para 3º e 4º de ESO) (En fronte de conserxería)</p> <p><i>Profesoras de xogo:</i> Molinos e Yolanda</p>  <p>DEPORTE (No ximnasio)</p> <p><i>Profesora de xogo:</i> Marta</p> |  <p>PAPIROFLEXIA (Na aula de plástica)</p> <p><i>Profesor de xogo:</i> José Manuel</p> |

Lecer Inclusivo





Buzón de:

O ALUMNADO PODE ACHEGAR
AS SÚAS RECLAMACIÓNS,
QUEIXAS E SUXESTIÓNS AO
BUZÓN DE CONVIVENCIA



Reclamacións



Queixas



Suxestións



IES ÁNXL FOLE

PLAN DE CONVIVENCIA

IES ÁNXEL FOLE

**Aula de atención
educativa**

Que son e para que serven?

As aulas de atención educativa son aquelas establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. curso do que proceda.

Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á aula de atención educativa, indicándoselles a incidencia que o motivou.

Comportamentos inadecuados

Non atender as indicacións do profesorado de xeito reiterado.

Falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.

Non traer o material didáctico necesario.

Manter posturas corporais impropias dunha situación escolar.

Realizar, durante a clase, sen autorización, actividades doutras materias.

Comer e/ou beber (non auga) durante os periodos lectivos.

Protocolo

Un alumno ou alumna que no acepte as condicións da aula auxiliar, non poderá facer uso das súas posibilidades unha segunda vez

A derivación do alumnado a aula auxiliar será comunicada polo profesorado que puxo a amoestación, aos pais/nais/titores legais do/a alumno/a.

O/A profesor/a que derive da aula provisionalmente a un/unha alumno/a deberá cubrir, o parte de amoestación sinalando a opción de “Amoestación e derivación á aula auxiliar”.

Un alumno ou alumna só poderán ser derivados a aula Auxiliar un máximo de dúas ocasións ao longo do curso e por cada un dos profesores ou profesoras que lle imparten docencia.

Cando se teña constancia de que un alumno ou alumna xa foi derivado á aula auxiliar en dúas ocasións anteriormente, polo mesmo profesor ou profesora, **será sancionado co correspondente parte de falta.**

PLAN DE CONVIVENCIA

IES ÁNXEL FOLE

Concurso

“A mellor aula da ESO”

Plan de Convivencia

IES Ánxel Fole

Concurso

I

“A mellor aula da ESO”

Curso 2018/19

A MEDIACIÓN ESCOLAR

IES ÁNXEL FOLE

Mediación escolar, Que é?



A mediación é un proceso cuxo obxectivo é a resolución dun conflito en base aos intereses e necesidades das persoas involucradas.

Supón a intervención dun 3º imparcial, a persoa mediadora, que axuda ás partes para restablecer a comunicación, a comprenderse e a traballar conxuntamente ata alcanzar un acordo mutuamente satisfactorio.

As partes voluntariamente aceptan a asistencia do mediador na procura de solucións.

É unha ferramenta máis ao servizo dun modelo de convivencia positivo e pacífico.

OBJETIVOS



Resolver os conflitos que, por calquera circunstancia, non puideron ser manexados polas partes implicadas.

Permitir a **participación** dos membros da comunidade escolar na solución dos seus propios conflitos.

Ensinar habilidades de resolución de conflitos aos colectivos implicados no programa.

Mellorar a **convivencia**.

Reducir os niveis de violencia

Principios e fundamentos

Voluntariedade. As partes acoden á mediación voluntariamente e poden decidir abandonala en calquera momento. Ninguén pode ser obrigado a dialogar nin a solucionar colaborativamente un conflito.

Autonomía da decisión. As partes conservan a capacidade de tomar decisións respecto do seu conflito. A persoa mediadora non pode impoñer ningún tipo de solución, non é un/a xuíz/a nin un/a árbitro.

Neutralidade e imparcialidade. A persoa mediadora non se posiciona a favor de ningunha das partes e non ten interese en ningún tipo de resultado en canto á solución.

Confidencialidade. O proceso é confidencial e o que se di na mediación non pode repetirse noutro foro.

Boa fe. As partes acoden ao proceso de mediación porque o seu obxectivo é, realmente, solucionar o conflito.

Obxectivos

Resolver os conflitos que, por calquera circunstancia, non puideron ser manexados polas partes implicadas.

Permitir a **participación** dos membros da comunidade escolar na solución dos seus propios conflitos.

Ensinar **habilidades** de resolución de conflitos aos colectivos implicados no programa.

Mellorar a **convivencia**.

Reducir os niveis de violencia



DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG Nº 17 Martes, 27/01/15)

Artigo 26. Mediación escolar

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.



IES ÁNXL FOLE



MEDIACIÓN ESCOLAR

IES
ÁNXL
FOLE



PLAN DE CONVIVENCIA

**PROGRAMA
DO
ALUMNADO
AXUDANTE**

IES ÁNXEL FOLE

Conclusións

Preto dun 70% da conflictividade xérase entre alumnado da mesma idade ou do mesmo nivel

Segundo estudos estatísticos, as vítimas solicitan axuda:

- 40% aos seus compañeiros/as.
- A petición de axuda ao profesorado está ao redor do 12%.

Em diversos estudos constátase que son os propios compañeiros quen máis coñecen as situacións de acoso que se producen, cunha porcentaxe próxima ao 90%.

Isto lévanos a unha implicación directa dos alumnos nos procesos de prevención. mesma idade.

O modelo do Alumnado Axudante introdúcenos no aproveitamento dun gran recurso humano: o propio alumnado. Por iso, diversos estudos realizados e experiencias levadas a cabo en centros educativos teñen demostrado que utilizando estratexias de axuda entre iguais conséguese mellorar o clima do Centro e o desenvolvemento persoal e social dos axudantes, e por iso dos axudados e axudadas.



Obxectivos

Fomentar a colaboración e búsqueda de solucións en problemas interpersoais no ámbito escolar.

Reducir os casos de acoso entre alumnos e alumnas.

Diminuír a conflitividade e, por iso, a aplicación de medidas sancionadoras.

Favorecer a participación directa do alumnado na resolución de conflitos.

Establecer unha organización escolar específica para tratar as formas violentas de afrontar os conflitos.

Incrementar os valores de cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da comunidade educativa.

Funcións dos e das axudantes:

Axudar aos compañeiros e compañeiras cando alguén os molesta e necesitan que os escoiten.

Axudar a alumnos e alumnas que estean tristes ou decaídos/as por algún problema persoal, e que necesitan que alguén os escoite e lles preste un pouco de atención.

Derivar a un compañeiro/a cara a un adulto, sexa profesor, pais, orientador..., animándoo a falar nos casos máis complexos, e acordados nas reunións de alumnado axudante.

Acoller aos recién chegados ao Centro e actuar como acompañantes.

Principios básicos



O Alumnado Axudante non é policía: a súa misión non é vixiar o cumprimento das normas nin exercer un labor sancionador.

O Alumnado Axudante non é un amigo ou amiga: non é alguén que fai seus os problemas que os demais lle contan, nin toma partido á hora de mediar nun conflito.

O Alumnado Axudante non é un chivato ou chivata: non son persoas que observan calquera incumprimento ou problema e saen correndo a contarllo ao profesorado.